



Festival

2023

ROSALÍA



O GALEGO
É O NOSO
SUPERPODER!

**24 DE
FEBREIRO**

*Feira de produtos
que teñen Rosalía
como inspiración.
(17.30-21.00h)*

**25 DE
FEBREIRO**

*Feira de produtos
que teñen Rosalía
como inspiración.
(11.00-21.00h)*

PROGRAMA

FESTIVAL ROSALÍA 2023

Todas as actividades son de balde até completar aforo e desenvólvense na Praza de Cervantes, agás aquelas que así se indica no programa.

17.30h. APERTURA DA FEIRA E BENVIDA DE SUPER ROSALÍA.

Feira de produtos con "marca Rosalía".

18.00h. A VIAXE DE ROSALÍA.

Teatro de monicreques a cargo de Larraitx Urruzola.

19.00h. CAMIÑANDO CON ROSALÍA DE CASTRO POLA COMPOSTELA QUE TI COÑECES.

SAÍDA DA PRAZA DE CERVANTES (RUTA CIRCULAR)
Paseo literario con Mercedes Espiño.

20.30h. CONCERTO DE ADHARA & RHITMAN.

11.00h. APERTURA DA FEIRA E BENVIDA DE SUPER ROSALÍA.

Feira de produtos con "marca Rosalía".

12.30h. PRIMAVERA VAI CHEGAR.

COLEXIO MAIOR DE SAN AGOSTIÑO (aforo limitado por orde de chegada)
Recital musicado con Faia.

13.00h. PASARRÚAS ROSALIANO.

SAÍDA DA PRAZA DE CERVANTES (RUTA CIRCULAR)
Pasarrúas teatralizado con Os Quinquilláns.

13.30h. PRIMAVERA VAI CHEGAR.

COLEXIO MAIOR DE SAN AGOSTIÑO (aforo limitado por orde de chegada)
Recital musicado con Faia.

16.30h. CHOVE MIUDIÑO

Espectáculo infantil con Sole Felloza. A partir de 4 anos.

17.30h. O FEMINISMO EN ROSALÍA: MÁIS UN SUPERPODER.

Faladoiro con María Xesús Lama, Carme Adán e María Reimóndez.

18.30h. 1 FABA, 1 VIDA.

CSC MARUXA E CORALIA (aforo limitado por orde de chegada)
Poesía e música con Ugia Pedreira e Marina Oural.

19.30h. NON HAI QUEN LLOS BOTE

Recital poético con Andrea Nunes, Ánxela Lema,
Lucía Aldao e Diana Kurich.

20.30h. CONCERTO DE O VAL DAS MOURAS

TEATRO PRINCIPAL

Dous días de cultura e lingua para celebrar a nosa superheroína na semana do seu 187 aniversario.

Rosalía de Castro volve vestir capa e anteface para celebrar a nosa lingua e a nosa cultura. Coa escusa do seu 186 aniversario, a área de Normalización Lingüística da Deputación da Coruña, en colaboración co Concello de Santiago, quere difundir a súa vixencia e importancia celebrando o V Festival Rosalía.



Este evento contará con actividades pensadas para todos os públicos e cunha feira de produtos de inspiración rosaliana. A finalidade é reivindicar a escritora como unha das figuras máis relevantes da nosa historia, que desenvolveu os fitos principais da súa vida na provincia da Coruña, e que continúa a alentar novas expresións artísticas e culturais.

O V Festival Rosalía terá lugar os días 24 e 25 de febreiro en Santiago de Compostela, celebrando dous días de cultura e lingua ao redor da nosa superheroína.

ORGANIZA

Deputación
DA CORUÑA

COLABORA

Concello de
SANTIAGO

24 DE FEBREIRO

18H PRAZA DE CERVANTES

A VIAXE DE ROSALÍA

TEATRO DE MONICREQUES A CARGO DE LARRAITZ URRUZOLA.

A viaxe de Rosalía. Teatro de monicreques a cargo de Larraitz Urruzola: Francisca do Campo conta a historia da súa afillada Rosalía de Castro. Ela foi quen axudou a críala e quen compartiu as vivencias máis cotiás e entrañables. Cargada de maletas con teas, zapatos e moitas cousas queridas para ela, comparte conposco a traxectoria vital e artística dun símbolo irrenunciable para a cultura galega.



19H SAÍDA DA PRAZA DE CERVANTES

CAMIÑANDO CON ROSALÍA DE CASTRO POLA COMPOSTELA QUE TI COÑECES

PASEO LITERARIO CON MERCEDES ESPINO.

Percorrido por diferentes lugares vitais de Rosalía con lectura de textos e explicación da súa vida e o obxectivo deste paseo literario que vos propomos para coñecer e recoñecer a relación de Compostela coa poeta galega máis universal do século XIX.



20.30H PRAZA DE CERVANTES

ADHARA & RHITMAN CONCERTO.

Adhara & Ritman é un proxecto que xorde das raíces folk galegas mesturada con música latina, blues, reggae, swing, soul... e, principalmente, rock.




25 DE FEBREIRO

12.30 e 13.30H COLEXIO MAIOR DE SANTO AGOSTIÑO

PRIMAVERA VAI CHEGAR

RECITAL MUSICADO CON FAIA.

Un paseo pola obra e vida de Rosalía, abrindo camiños entre a voz que canta, o poema, a transmisión oral e a amizade. Nun lugar privilexiado vinculado coa infancia da poeta, o Colexio Maior de Santo Agostiño, para un público reducido, sen sonorización para aproveitar a acústica e intimidade do espazo.



13H. SAÍDA DA PRAZA DE CERVANTES

PASARRÚAS ROSALIANO

PASARRÚAS TEATRALIZADO CON OS QUINQUILLÁNS.

En 1880 Rosalía está a punto de abandonar Compostela, onde deixa canto máis quixo. Ela e o seu amigo de mocidade J. M. Paz Novoa, pasean pola praza do Pan, visitan a casa natal de Murguía, o antigo Liceo da Xuventude, a praza de Abastos... Acompañaos o gran Luís Caruncho coas súas cancións e regueifas.



16.30H PRAZA DE CERVANTES

CHOVE MIUDIÑO

ESPECTÁCULO INFANTIL CON SOLE FELLOZA (A PARTIR DE 4 ANOS).

Dan man dos versos de Rosalía de Castro nenos e nenos viaxaremos ao mundo da poesía e ao segredo agochado nunha caixa de postais, cartas e fotografías. E tamén aprenderemos a receita do caldo de gloria e dos bollos de pote.



17.30H PRAZA DE CERVANTES

O FEMINISMO EN ROSALÍA: MÁIS UN SUPERPÓDER

FALADOIRO CON MARÍA XESÚS LAMA, CARME ADÁN E MARÍA REIMONDEZ.

Faladoiro para coñecer a Rosalía máis feminista, comprometida coa análise da sociedade do seu tempo e preocupada pola condición e a sorte das mulleres.

18.30H CENTRO SOCIOCULTURAL MARUXA E CORALIA

1 FABA, 1 VIDA.

POESÍA E MÚSICA CON UGIA PEDREIRA E MARINA OURAL.

Aposta escénica das dúas creadoras coa súa provocación máis sutil: á naturalidade, sinxela, darse permiso para sentir e facelo visible. Con elas o palco perde a súa verticalidade e dilúese no instante. Autora e compositora van na procura do tacto e contacto directo coas persoas presentes, tendo como cómplice a coñecida e practicada improvisación entre poemas e cancións propias, desde os valores da Matristica: co-inspiración e colaboración.



19.30H PRAZA DE CERVANTES

NON HAI QUEN LLOS BOTE

RECITAL POÉTICO CON ÁNXELA LEMA, ANDREA NUNES, LUCÍA ALDÃO E DIANA KURICH.

Recital poético polo 186 aniversario de Rosalía de Castro. Un festexo poético polifónico de mulleres poetas que pretenden ser eco con voz propia.

20.30H TEATRO PRINCIPAL

O VAL DAS MOURAS

CONCERTO.

Banda catalá que nace en 2014 pondo música aos poemas de Rosalía de Castro. Con verbas profundas, comprometidas, feministas e reivindicativas, esta banda crea unha sonoridade pop e eléctrica mesturada coa esencia das gaitas e a percusión tradicional.

